


X. “*Rogério Fernandes em Registo Diário*”, una breve selección de textos do diário pessoal de Rogério Fernandes., nos días posteriores à presentación pública da súa obra *Educación: una frente de Luta*, de 1977, realizada pela profesora Margarida Felgueiras.

Un digno homenagem, pois, á figura de Rogério Fernandes.

Antón COSTA RICO  
USC



**FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, X. (2015):** *Vicente Risco. Mestre de Mestres*, Ourense, Fundación Vicente Risco-Deputación Provincial de Ourense, 512 pp.

Nesta extensa obra, estruturada en sete capítulos ou apartados, trátase de profundar nas implicacións de Vicente Risco (1882-1963) no ámbito educativo ao que dedicou a súa vida profesional dende a súa incorporación como profesor de Historia á

Escola Normal de Mestres de Ourense, en 1916. Certamente estamos ante un personaxe complicado e complexo por mor da súa traxectoria ideolóxica que transitou por controvertidas etapas políticas que condicionaron as actuacións dun home que como el dicía “as cousas do mundo son asegún” e que “ser diferente e ser existente”; ou mesmamente, parafraseando a Ortega y Gasset, recoñecía que “la época es parte importantísima de sus circunstancias (y de la nuestra)”.

Indubidablemente, a súa participación nos proxectos galeguistas non foi por igual, nalgunhas cousas tivo máis intervencións ca noutras. Non obstante, a súa presenza é clara e a súa colaboración estreita. Risco, como un dos pensadores máis grandes que deu Galicia, abarcando o seu saber aos máis diversos eidos, fixo achegas importantes no contexto histórico-social e educativo galego, tanto a nivel individual como dende organizacións culturais e políticas. Cunha postura por veces mesiánica, dentro do galeguismo entendido coma un concepto globalizado no que interveñen todos os factores sociais, estudou de forma reflexiva o mundo rural, as parroquias, a emigración, a política e o nacionalismo galego. Así mesmo fixo unha análise integral da cultura sobre a provincia de Ourense e o modo de vivir do pobo galego, especialmente nas súas capas máis humildes.

A obra comeza cunha referencia á delicada infancia de Risco, á súa familia e os espazos vitais polos que transcorre (algúns deles en compañía do tamén neno Ramón Otero Pedrayo, algo máis novo ca el) con notas que nos achegan á súa crianza e formación, nas que se recollen datos que nos permiten coñecer a vida social ourensá da época. De tal maneira que nos axudan a fa-

cer unha valoración de como era a crianza dos nenos nados nunha clase acomodada de finais do século decimonónico en contraposición daqueles outros que eran practicamente criados na rúa. Dentro da súa traxectoria de formación académica, dende unha postura crítica trátanse as súas primeiras experiencias escolares, o seu significativo paso polo Instituto Provincial de Ourense, os estudos de Dereito cursados por libre na Universidade de Santiago e a formación adquirida na Escola de Estudos Superiores do Maxisterio de Madrid (1913-1916). Foi precisamente esta institución da capital a que máis influíu en Risco. Nela sentou as bases da súa pedagogía e aprendeu os fundamentos metodolóxicos do que sería a súa gran paixón: a etnografía e o folclore. Xa sendo alumno deste prestixioso centro publicou unha monografía sobre Castro Caldelas na revista *Real Sociedad Geográfica*, dirixida polo profesor Ricardo Beltrán y Rózpide. Co tempo, este tipo de monografías constituíron precisamente un modelo aplicado aos traballos realizados no Seminario de Estudos Galegos, no que Risco dirixiu a Sección de Etnografía e Folclore e no que porá en práctica a metodoloxía aprendida nas clases do profesor Luis de Hoyos, entre outros. Mentres cursaba o primeiro curso pronunciou unha conferencia no Ateneo de Madrid, en 1913, sobre Rabindranath Tagore, a quen xunto con Mahatma Gandhi, consideraba seu vello mestre. Esta intervención fixo considerar ao ourensán o pioneiro en España deste gran pedagogo e poeta hindú, antes de que Juan Ramón Jiménez e Zenobia Camprubí Aymar levasen a súa sona de tradución ao castelán e de estendelo por Hispanoamérica.

Na III Asemblea Nacionalista Galega, celebrada en 1921, entre os persoeiros das Irmandades da Fala, Risco foi o escollido

para elaborar un sonado Plan pedagóxico que se utilizaría para a galeguización das escolas en Galicia e que foi publicado na revista *Nós* (coa venia de Ignacio Ares de Parga) que el mesmo dirixiu e fundou, co fin de dálo a coñecer entre os mestres e mestras. Foi tal a fe posta nel que o propio Risco tentou espallalo sempre que puido: en América, a través de Blanco Amor; no Congreso Pedagóxico Rexional da Coruña, en 1926; na preparación dun Congreso Internacional organizado pola “Bureau d’Education” de Xenebra para tratar o ensino nos pobos bilingües, en 1928; dende o diario vigués *El Pueblo Gallego*, en 1931; e cando a “Unión Provincial Orensana” de emigrantes galegos residentes en Bos Aires acordara en asemblea crear na cidade de Ourense unha escola netamente galega rexentada polo Grupo Galeguista, en 1934. A el acudírase en calquera intento por galeguizar a escola antes da chegada do franquismo. Porén, o limitado éxito deste Plan viría condicionado polo goberno de Primo de Rivera e pola propia escisión do movemento nacionalista, feito ocorrido inmediatamente despois da súa aprobación.

Nesa liña de educar para transformar (a realidade galega), o ilustre intelectual ourensán participou activamente en cantos proxectos educativos se levaron a cabo en Galicia. Talmente colaborou, entre outros, na curta existencia da agrupación xuvenil *As Roladas*, na asociación xuvenil *Ultreya*, tansmitiu sabedoría nas tertulias dos cafés e terzou en debates criados *ad hoc* sobre a normativización do idioma galego levados a cabo en revistas e xornais coma *Nós*, *El Pueblo Gallego* ou *La Zarpa*. Un delicado tema que el mesmo consideraba meterse nunha abellariza. E, mesmamente, confeccionou un catálogo sistemático do léxico galego.

Non cabe dúbida de que as viaxes serven para aprender. Das feitas a pé dicía que hai que pór a alma onde se poñen os pés. Realizou moitas en compañía doutros membros da Xeración Nós ou simplemente galeguistas amantes da natureza e dos animais. En 1930, cando Risco vai de bolso pola JAE a Alemaña, recolle a xeito dun diario de viaxes esas experiencias publicadas baixo o título “Da Alemaña” e “Mitteleuropa”, con certa calidade literaria e con Galicia sempre no espírito de canto ve.

Dende unha concepción identitaria co pobo galego, interesouse pola cultura popular posta ao servizo da escola. Estuda a vida dos nenos na aldea galega. Risco ve o territorio como unha unidade espacial de creación de cultura, como unha unidade de hábitat onde se materializan os elementos diferenciadores dunha comunidade concreta. Neste sentido, o rico traballo risquiano sobre as crenzas populares, as tradicións, a infancia no medio rural, os colectivos minoritarios, os enredos dos rapaces e rapazas, etc., convérteno nunha referencia única da historia da infancia e de aspectos diversos de Galicia como vida colectiva non superada por ningún outro etnógrafo, que fan que os seus estudos sigan tendo vixencia hoxe en día.

O labor pedagóxico do intelectual ourensán estendeuse tamén á elaboración de manuais, entre os que sobresaen polas súas aportacións conceptuais e metodolóxicas, Elementos de Metodología de la

Historia (na que nos consta a súa débeda con autores como Altamira, Lavisce, Hinsdale e Cossío, entre outros), obra na que se demostra como estaba ao día en todo canto tocaba ao ensino e que estaba destinada ao uso por parte dos estudantes das Normais na disciplina de Metodoloxía da Historia, inda que, como ben dixo Otero Pedrayo, podería servir de guía para toda clase de estudosos no tema.

É un autor con presenza nos diversos ámbitos educativos: educación formal, non formal ou informal. Creou escola dende as máis diversas plataformas e foros ao seu alcance. Moitos discípulos seus e moitos mestres e mestras entenderon (e entenden) a vida da aldea grazas a el e comezaron a estudar esa realidade en serio. Neles foi prendendo o interese e a capacidade por coñecer a súa terra e o seu pobo, para logo intentar poder transformalos.

Risco ten aportacións á cultura galega e á educación en diferentes dimensións abordadas no libro: variedade e calidade dos contidos tratados, mérito literario e didáctico das súas obras, teórico do nacionalismo galego, vangardismo cultural, defensa da escola galega e unha pedagogía adaptada a ela.

E, cando menos, este patrucio da cultura galega marcou os comezos dunha loita pola galeguización da escola cuxa consecución, como el anticipaba, aínda está a custar traballo nunha Galicia que dende fai tempo xa é autónoma.

*Xosé Manuel CID FERNÁNDEZ  
U Vigo*